

## Léxico-gramática das frases fixas do portugués europeo. Breve presentación

Jorge Baptista, Graça Fernandes e Anabela Correia<sup>1</sup>

Universidade do Algarve, Faculdade de Ciências Humanas e Sociais  
*L<sup>2</sup>F* – Spoken Language Laboratory, INESC-ID Lisboa

Este artigo presenta o estado actual de desenvolvemento dun proxecto en curso que prevé a elaboración da léxico-gramática das frases fixas do portugués europeo, ilustrando o tipo de información sintáctica (distribucional e transformacional) que foi integrada nel.

Palabras clave: fraseoloxía, portugués europeo, locucións, léxico-gramática.

This paper reports on the construction of a lexicon-grammar of Portuguese frozen sentences (or idioms), and it illustrates the kind of syntactic (distributional and transformational) information that has been formalized and integrated into it.

Key words: Phraseology, European Portuguese, idioms, lexicon-grammar.

### 1. Introducción

Este estudio desenvólvese no marco teórico-metodológico da léxico-gramática (M. Gross 1975, 1981, 1996), baseado nos principios teóricos da gramática transformacional de operadores de Zellig Harris (1991), e segundo de preto a proposta de descripción e clasificación das frases fixas presentada por M. Gross (1982, 1989).

Neste marco teórico, a unidade de análise en que é posible localizar o significado das expresións lingüísticas non é a *palabra*, senón a *frase simple* (ou *elemental*), que pode ser definida como a expresión dun único predicado semántico constituída, tipicamente, por un verbo e tódolos complementos esenciais. Ao conxunto das frases simples dunha lingua e respectivas propiedades sintácticas (distributionais e transformacionais) chamámoslle a *léxico-gramática* dessa lingua.

---

<sup>1</sup> Traducido por María de Xesús Botána.

As frases fixas son tamén frases elementais, na medida en que expresan un predicado semántico, pero presentan unha interpretación global que non pode ser calculada a partir do significado que os elementos componentes presentan cando se constrúen separadamente. Así, por exemplo:

- 1) *O Pedro passou de cavalo para burro* ‘quedar peor do que estaba inicialmente’

Por outro lado, as frases fixas, a pesar de seguir dun modo xeral as regras de boa formación sintáctica das frases da lingua, presentan importantes restricións combinatorias entre os seus constituyentes, especialmente canto á variación distribucional de certos complementos relativos ao verbo ou canto á aplicación de certas operacións transformacionais. Por exemplo, a frase anteriormente citada non permite trocar os nomes dos dous complementos:

\**O Pedro passou de burro para cavalo*

cada un deses nomes non admite variación de determinantes e modificadores

\**O Pedro passou do cavalo castanho para o burro da direita*

e, a pesar dun vago valor locativo dos complementos, estes non responden axeitadamente ás interrogativas parciais sobre locativos:

\*P: *De onde/quê para onde/quê passou o Pedro?* R: *De cavalo para burro*

A pesar do termo que empregamos, rares son os casos de expresións idiomáticas completamente fixas.

- 2) *A procissão ainda vai no adro* ‘un proceso (que non se menciona) aínda está no inicio’

Normalmente, unha ou máis posicións sintácticas da expresión (xeralmente o suxeito) son distribucionalmente libres. A descripción desas posicións sintácticas faise a través das mesmas propiedades distribucionais coas que se describen as construcións libres. Saliéntese, por conseguinte, que a ocupación léxica dunha posición libre é función non só do verbo senón tamén da combinación fixa verbo-complemento(s). Así, na frase

- 3) *O Pedro amarinhou pelas paredes acima* ‘Pedro alporizouse moito’

a posición de suxeito só pode ser desempeñada por un nome humano (*Nhum*), aínda que o verbo, nunha construción libre, admite nomes non humanos nesa posición:

(*O macaco/a aranha*) *amarinhou pela parede acima*

Por outro lado, moitas expresións son ambiguas entre unha lectura composicional (literal) e unha lectura idiomática (figurada). É o caso da frase (3), que só presenta aquel valor idiomático se o complemento está en plural, xa que en singular o seu significado global pode ser calculado a partir dos elementos componentes:

- 4) *O Pedro amarinhou pela parede acima*

Finalmente, as frases fixas constitúen parte substancial do léxico das linguas naturais (M. Gross 1996) e aparecen con frecuencia no discurso (Senellart 1998), polo que o seu estudo sistemático se impón e integra naturalmente na descripción lingüística.

O obxectivo deste artigo é duplo: en primeiro lugar, presentar o estado actual de desenvolvemento dun proxecto que prevé a elaboración da léxico-gramática das frases fixas do portugués europeo e, en segundo lugar, ilustrar o tipo de información sintáctica que foi integrada nel. Este tipo de descripción formal, á parte do seu interese puramente lingüístico, poderá ter diversas aplicacións de natureza pedagóxico-didáctica, tanto no ensino da lingua materna como da lingua estranxeira, así como en procesamento computacional de linguaxe natural.

## 2. Métodos

### 2.1. Datos

Co fin de resumir de forma sistemática e o máis exhaustivamente posible as frases fixas do portugués consultáronse diversas fontes, en particular dicionarios de lingua xeral e dicionarios especializados en expresións idiomáticas, sobre todo Santos (1990). Recorrese tamén a revistas, xornais e outras publicacións, así como á nosa competencia de falantes nativos para completar esas recollas. Para verificar a existencia e a distribución dunha determinada construción e construír exemplos máis naturais, recorremos á consulta de córpora textuais de natureza variada dispoñíbeis na Rede. Foi así posíbel recoller máis de 4.000 frases fixas. A pesar de estar aínda incompleta, sobre todo cando se compara cos datos dispoñíbeis para outras linguas, esta recolla xa é, por tanto, suficientemente extensa para ilustrar os principais fenómenos de fixación sintáctica que caracterizan as frases fixas do portugués europeo.

### 2.2. Clasificación

Para organizar os datos recollidos, as frases fixas foron obxecto dunha clasificación formal (Cadro 1), que, como dixemos, segue de preto a proposta de M. Gross (1982, 1989). Esta clasificación é homóloga á que foi utilizada para describir as construcións verbais libres (M. Gross 1975; Boons, Guillet e Leclère 1976a, 1976b; Guillet e Leclère 1992; Leclère 2000) e baséase no número e tipo de complementos da construcción, a ocupación léxica (libre ou fixa) das diversas posicións sintácticas e, finalmente, as propiedades distribucionais e transformacionais da construcción.

#### Cadro 1

Clasificación das frases fixas do portugués europeo

Clase	Estrutura	Exemplo	Efectivos
C1	$N_0 V C_1$	<i>O Pedro matou a galinha dos ovos de ouro</i> ‘destruir uma fonte de riqueza por ser ganancioso’	800
CAN	$N_0 V(C \text{ de } N)_1 = C_1 a N_2$	<i>O Pedro arrefeceu os ánimos da Ana = à Ana</i> ‘acalmar’	200
CDN	$N_0 V(C \text{ de } N)_1$	<i>O Pedro queria a cabeça da Ana</i> ‘querer castigar ou vingar-se de alguém’	100
CP1	$N_0 V \text{ Prep } C_1$	<i>O Pedro bateu com a porta</i>	900

CPN	$N_0 V \text{ Prep } (C \text{ de } N)_1$	'abandonar uma pessoa ou grupo' <i>O Pedro foi aos cornos do João</i>	100
C1PN	$N_0 V C_1 \text{ Prep } N_2$	'bater em alguém' <i>O Pedro arrastou a asa à Ana</i>	400
CNP2	$N_0 V N_1 \text{ Prep } C_2$	'tentar seduzir ou conquistar alguém' <i>O Pedro tirou o relógio do prego</i>	350
C1P2	$N_0 V C_1 \text{ Prep } C_2$	'tirar da penhora' <i>O Pedro deitou mãos à obra</i>	400
CPP	$N_0 V \text{ Prep } C_1 \text{ Prep } C_2$	'começar um trabalho' <i>O Pedro foi de cavalo para burro</i>	200
CPPN	$N_0 V C_1 \text{ Prep } C_2 \text{ Prep } C_3$	'ficar pior do que se estava de início' <i>O Pedro deitou o bebé fora com a água do banho</i>	50
Total			3.500

Lenda: A anotación procura ser transparente:  $N$  corresponde aos grupos nominais distribucionalmente libres e  $C$  (= constante léxica) aos grupos nominais fixos co verbo (V); os índices indican a posición sintáctica do constituyente:  $N_0$  o suxeito,  $N_1$  e  $N_2$  o primeiro e o segundo complemento respectivamente. *Prep* a preposición. A designación das clases utiliza os mesmos códigos convencionais que foron propostos inicialmente por M. Gross (1982).

De momento, os esforzos de clasificación e descripción formais céñtranse nas construcións sen completivas e con suxeito distribucionalmente libre. As construcións fixas con completivas e as construcións con suxeito fixo, ilustradas en (5) e (6), respectivamente, serán tratadas nunha fase posterior:

- 5) *Vale a pena consultar esse livro*
- 6) *A brincadeira saiu cara ao Pedro*

O Cadro 1 presenta as clases de construcións xa constituídas e o número de frases fixas resumidas en cada unha das classes. Neste cadro indícase tamén a estrutura sintáctica definitoria de cada clase e dáse un exemplo ilustrativo e a respectiva glosa.

Como se pode ver, a maioría das frases fixas (66%) distribúese polas clases de construcións transitivas directas (C1, CAN, CDN, C1PN, CNP2, C1P2 e CPPN), en que abunda a clase C1 (23%). Polo contrario, as construcións intransitivas, isto é, sen complemento directo, representan apenas un terzo das frases recollidas (34%), pero a maioría (25%) pertence á clase CP1. Probabelmente, dado o elevado número de efectivos, estas dúas clases maioritarias deberían ser áinda obxecto dunha subclasicación, con base, por exemplo, no determinante libre ou fixo (artigo definido, cero e outros) da constante léxica en C1, ou a preposición que introduce o complemento en CP1. Deseguida presentamos brevemente os criterios de clasificación aplicados.

Distinguimos as construcións transitivas directas das construcións preposicionais. No caso das construcións transitivas sen máis complementos, dado o seu elevado número, constituíronse varias classes, tendo en conta a forma do complemento directo fixo e as propiedades transformacionais da construcción. Así, definimos a clase C1 para as frases cun grupo nominal fixo sen complemento determinativo libre, representábel pola fórmula  $N_0 V C_1$ :

- 7) *O Pedro bateu a bota [C1] 'Pedro morreu'*

distinguíndoas das construcións con complemento determinativo libre – o que se pode representar pola fórmula  $N_0 V (C de N)_1$ . Estas últimas foron divididas en dúas clases (CAN e CDN), consonte ese complemento poida ou non, respectivamente, sufrir unha reestruturación dativa ([Rdat], Guillet e Leclère 1981, 1992; Leclère 1995). Trátase dunha transformación sintáctica que divide un grupo nominal coa forma *Na de Nb*, no que se observa unha relación metonímica ('parte-todo') entre *Na* (parte) e *Nb* (todo), dando orixe a dous constituíntes, pasando o *Nb* a funcionar como un complemento indirecto (ou dativo, isto é, pronominalizábel polas formas dativas dos pronomes persoais):

- 8a) *O Pedro lambia as botas do chefe* [CAN] ‘mostrarse servil con alguén para proveito propio’  
[Rdat] = 8b) *O Pedro lambia as botas ao chefe*

Esta operación non é posíbel nas frases da clase CDN:

- 9a) *As palavras do Pedro selaram (a sorte + o destino) do João* [CDN]  
‘determinaron o futuro’  
[Rdat] = 9b) \**As palavras do Pedro selaram (a sorte + o destino) ao João*

No caso das construcións transitivas directas cun complemento preposicional, o criterio fundamental foi a natureza libre ou fixa de cada un dos complementos. Constituíronse, así, a clase C1P2 con dous complementos fixos:

- 10) *O Pedro comeu gato por lebre* [C1P2] ‘ser enganado’

a clase C1PN, con complemento directo fixo e complemento preposicional libre:

- 11) *O Pedro juntou os trapinhos com a Maria* [C1PN] ‘casar ou pasar a vivir en unión de feito’

a clase CNP2, con complemento directo libre e complemento preposicional fixo:

- 12) *O Pedro atirou a Maria às feras* [CNP2] ‘colocar a alguén en situación difícil’

Canto ás construcións preposicionais, seguíronse criterios homólogos. Distingúironse, pois, as clases CP1 e CPP, con un ou dous complementos, respectivamente:

- 13) *O Pedro desapareceu do mapa* [CP1] ‘deixar de ser visto’

- 14) *O trabalho ia de vento em popa* [CPP] ‘un proceso desenvólvese moi favorabelmente’

No caso das construcións cun só complemento, a presenza dun complemento determinativo libre de C permite distinguir áinda a clase CPN. A semellanza do que sucede en CAN, ese complemento pode sufrir reestruturación dativa:

- 15a) *O Pedro não chega aos calcanhares do João* [CPN] ‘ser moi inferior a alguén en determinado aspecto’

- [Rdat]=15b) *O Pedro não lhe chega aos calcanhares*

A frase co complemento indirecto expreso na forma non reducida é, en xeral, pouco natural:

?\**O Pedro não chega aos calcanhares ao João*

Noutros casos, a aplicación de [Rdat] non é posíbel:

- 16a) *O Pedro foi na conversa do João* [CPN] ‘deixarse enganar por alguén’  
[Rdat]=16b) \**O Pedro foi na conversa ao João*  
[Pron.]= 16c) \**O Pedro foi-lhe na conversa*

No caso das construcións con dous complementos, dado o seu número relativamente reducido, non se procedeu, por tanto, a realizar ningunha distinción entre as que teñen ámbolos dous complementos fixos ou apenas un deles.

Finalmente, rexístrase a existencia dunha clase de construcións con tres complementos obligatorios, CPPN:

- 17) *O Pedro punha as mãos no (fogo + lume) pelo João* [CPPN] ‘garantir a honestade de alguén’

Nótese, como M. Gross (2000) xa o fixera para o francés, que as construcións verbais libres con tres complementos son relativamente raras en Portugués, o que contrasta coa diversidade (semántica e formal) das expresións que constitúen esta clase. Curiosamente, non se encontrou ningunha construción con tres complementos preposicionais (o primeiro complemento é sempre un complemento directo).

### 2.3. Formalización da descripción lingüística

A partir da clasificación arriba esbozada, procedemos á descripción das propiedades sintácticas (distribucionais e transformacionais) das frases fixas, das que nos ocuparemos máis pormenorizadamente na sección seguinte. Estas propiedades foron formalizadas en matrices binarias, unha por cada clase formal. Nestas matrices, as liñas corresponden ás entradas léxico-sintácticas (as frases), estando os elementos fixos das frases lexicamente expresos, e as columnas ás propiedades pertinentes para a descripción do comportamento sintáctico das expresións. Na intersección das liñas coas columnas figuran os símbolos ‘+’ ou ‘-’. Presentamos en anexo un extracto dunha das matrices.

Esta forma de representación permite, entre outras cousas, acceder rapidamente á información, relacionar entre si diferentes propiedades e resulta particularmente adecuada para ser explorada directamente na construcción de recursos lingüístico-informáticos para procesamiento automático de texto en linguaxe natural (Silberztein 1993, 2000; Baptista et al. 2004). Na sección seguinte presentamos as principais propiedades sintácticas que se encontran representadas nesta léxico-gramática.

## 3. Propiedades sintácticas

### 3.1. Propiedades distribucionais

Como mencionamos anteriormente, a descripción das propiedades distribucionais das frases fixas, en relación coa ocupación léxica das súas posicións estruturais libres, faise do mesmo modo que para as frases *libres* (M. Gross 1982, 1989). Utilizouse esencialmente a oposición *humano/não-humano* (*N±hum*), tal como é definida por M.

Gross (1975). Encontramos áinda un pequeno número de frases fixas con suxeito *não restrito* (*Nnr*); trátase de posicións estruturais que sufren leves restricións distribucionais, podendo ser cubertas lexicamente de forma variada, incluíndo nomes humanos e non humanos (concretos e abstractos) e ata completivas; dun modo xeral, estas posicións *Nnr* están asociadas a unha noción de causa:

- 18) (*O Pedro + o jornal + a notícia do jornal + ter lido essa notícia no jornal + o facto de ter lido essa notícia + que o Pedro tenha dito isso*) *trocou as voltas ao João* [C1PN] ‘alterar a expectativa inicial de alguén’

### 3.2. Propiedades transformacionais

As propiedades transformacionais, no sentido harrisiano, son concibidas como relacións parafrásticas, non orientadas, entre frases; trátase de operacións formais que ‘deforman’ unha frase noutra frase equivalente, mantendo inalteradas as mesmas relacións semánticas entre o elemento predicativo nuclear e os seus argumentos. Un exemplo claro dunha transformación foi xa presentado cando se describiu a reestruración dativa, que funciona, polo demais, como un criterio formal definitorio dalgunhas clases de frases fixas.

As transformacións, tanto nas frases libres como nas frases fixas, dependen de forma crucial dos elementos léxicos presentes nas construcións e das relacións que se establecen entre eles. Por esa razón, en ámbolos dous casos, é necesaria unha descripción sistemática da distribución das operacións formais polas diferentes construcións rexistradas na léxico-gramática. Por exemplo, a posibilidade de formar unha construcción absoluta, isto é, en que un (ou máis) dos constituíntes esenciais da frase é omitido, depende dos elementos léxicos da construcción. Nas frases seguintes, ambas da clase C1, co verbo *chorar* e un complemento co nome *lágrimas*:

- 19) *A Maria chorou rios de lágrimas* [C1] ‘chorar moito’  
20) *A Maria chorou lágrimas de crocodilo* [C1] ‘finxir sufrimento’

só a primeira pode ser considerada sinónima de *chorar* e por iso permite a desaparición do complemento *rios de lágrimas*, dado o valor de intensificador que este complemento presenta; pola contra, o significado non composicional de (20) non permite a anulación do complemento sen que o significado global da frase se altere. De feito, *chorar lágrimas de crocodilo* non significa sequera o mesmo ca *chorar*.

Dun modo xeral, as transformacións que operan únicamente sobre os constituíntes libres dunha frase fixa son sempre posíbeis. Comprobamos que as condicións léxico-sintácticas de aplicación dunha transformación son grosso modo as mesmas que están referidas na literatura con respecto ás frases libres. Así, por exemplo, a operación [pasiva] é posíbel nas construcións fixas sempre que o complemento directo é libre:

- 21a) *O João lançou o Pedro às feras* [CNP2] ‘deixar a alguén sen apoio ante situacións difíciles’  
[Pass] = 21b) *O Pedro foi lançado às feras (pelo João)*

Con todo, a natureza fixa dun complemento directo, por si só, non é suficiente para bloquear a pasiva:

- 22a) *O Governo prometeu mundos e fundos à população* [C1PN] ‘prometer moitas cousas (xeralmente irracionais) a alguén’  
[Pass] = 22b) *Foram prometidos mundos e fundos à população* (E + pelo Governo)

Tal como nas frases libres, a existencia dunha relación de correferencia entre o complemento directo e o suxeito bloquea a operación:

- 23a) *O Pedro não mostrou os dentes ao João* [C1PN] ‘nin sequera sorrir’  
[Pass] = 23b) \**Os dentes não foram mostrados ao João* (E + pelo Pedro)

A pronominalización (ou redución a pronomé) de grupos nominais é unha propiedade transformacional moi xeral en que, así e todo, algunas frases fixas presentan por veces restricións inesperadas. Así, por exemplo, un complemento determinativo de *N* é en xeral reducible ou por un pronomé oblicuo ou por un posesivo (o índice ‘i’ marca a relación de correferencia con un dos nomes da construción):

- 24a) *O João apertou a mão<sub>i</sub> do Pedro<sub>i</sub>* [CPN] ‘saudar a alguén’  
24b) *O João apertou (a mão<sub>i</sub> dele<sub>i</sub> + a sua<sub>i</sub> mão<sub>i</sub>)*

Non obstante, na frase seguinte, que ten o mesmo significado e na que o complemento fixo é tamén ocupado por un ‘nome parte do corpo’ (*Npc*), ningunha destas pronominalizacóns parece posíbel:

- 25a) *O João apertou os ossos<sub>i</sub> do Pedro<sub>i</sub>* [CPN] ‘saudar a alguén’  
25b) *O João apertou (\*os ossos<sub>i</sub> dele<sub>i</sub> + \*os seus<sub>i</sub> ossos<sub>i</sub>)*

Do mesmo modo, na frase seguinte, estas operacóns non son posíbeis:

- 26a) *O João apertou os calos<sub>i</sub> do Pedro<sub>i</sub>* [CPN] ‘reprender a alguén’  
26b) *O João apertou (\*os calos<sub>i</sub> dele<sub>i</sub> + \*os seus<sub>i</sub> calos<sub>i</sub>)*

Podemos observar outras operacóns sintácticas que, como a pasiva, permutan dous dos argumentos do verbo entre si; trátase de operacóns semellantes á conversión (G. Gross 1989; Baptista 1997), operando non sobre construcóns transitivas directas, como son habitualmente descritas, senón sobre construcóns preposicionais:

- 27a) *O João (deu no coco ao Pedro + foi aos cornos do Pedro)* [CPP, CPN] ‘bater en alguén’  
= 27b) *O Pedro apanhou (do coco + nos cornos) do João* [CPP] ‘bater en alguén’

Con todo, dadas as diferentes preposicóns en xogo, tales relacóns non foron obxecto dun tratamento transformacional, sendo clasificadas por separado.

Falamos anteriormente da pasiva, que pode ser vista como unha forma de adxectivación da construción verbal. De feito, aínda que nesta fase nos tivésemos concentrado nas construcóns verbais, será necesario proceder a un estudo de certas nominalizacóns de frases fixas, como sucede con (23), que renumeraremos abaixo como (28), ou en (29):

- 28a) *O João apertou a mão do Pedro<sub>i</sub>* [CPN] ‘saudar a alguén’

[Nom] = 28b) *O João deu um aperto de mão ao Pedro*

29a) *O João (ameaçou + jurou) o Pedro de morte* [CNP2] ‘ameazar/xurar matar a alguén’

[Nom] = 29b) *O João fez (ameaças + uma jura) de morte ao Pedro*

Nas construcións nominais (28b) e (29b), os nomes predicativos compostos *aperto de mão* e *ameaças/juras de morte* son auxiliados polos verbos soporte *dar* e *fazer* (Vsup; M. Gross 1981); trátase de verbos que están baleiros de sentido e que non presentan unha distribución característica, sendo os nomes predicativos os elementos centrais da construción.

Polo demais, numerosas construcións con verbos que son habitualmente considerados verbos soporte presentan varios índices de fixación sintáctica (particularmente en canto á ausencia de variación do determinante do nome predutivo), os cales están frecuentemente asociados á non composicionalidade do significado global da expresión:

30) *O João está na lua* [Ranchhod 1990; EPC] ‘estar distraído’

31) *O João é de poucas palavras* [Baptista 2005; SdH1] ‘non ser extravertido, ser moi calado’

32) *O João fez fogo sobre o Pedro* [Chacoto, 2005] ‘disparar unha arma contra alguén’

Algunhas expresións, claramente idiomáticas, presentan, inclusive, dous complementos fixos:

33) *O João está com a pulgaatrás da orella* [Ranchhod 1990; EPCPC] ‘estar desconfiado/ sentir desconfianza’)

34) *O João fez trinta por uma linha* ‘facer disparates ou trasnadas’

Moitas das expresións xa foron obxecto de descripción sistemática en portugués – particularmente as construcións con Vsup =: *estar Prep* (Ranchhod 1990); Vsup =: *ser de* (Baptista 2005); e Vsup =: *fazer* (Chacoto 2005) – polo que non foron incluídas neste estudo.

Observamos, tamén, construcións intrínsecamente pronominais (notadas *Vse*), isto é, construcións nas que o verbo se presenta obligatoriamente construído con pronomé reflexivo, o cal non pode ser substituído por un grupo nominal da mesma natureza distribucional non correferente ao suxeito:

35) *O João bateu-se em duelo com o Pedro* [CPP]  
cp. \**O João bateu (E + o António) em duelo com o Pedro*

Outra propiedade interesante, que se observa ademais na frase de arriba, é a simetría (Boons, Guillet e Leclère 1976b; Baptista, no prelo), é dicir, o feito de que dous constituyentes da frase establezan co verbo idéntica relación semántica, o que fai que poidan permutar entre si ou ser coordinados nunha posición sintáctica sen que o significado global da frase se altere; alén diso, estas construcións simétricas admiten que, nas frases cos grupos nominais coordinados, se poida facultativamente inserir unha

copia pronominal, p. ex. *entre si* ou *um com o outro*, o que non sucede nas construcións recíprocas, nas que a copia pronominal é obligatoria:

- O João bateu-se em duelo com o Pedro*  
=      *O Pedro bateu-se em duelo com o João*  
=      *O João e o Pedro bateram-se em duelo (um com o outro + ?entre si)*  
=      *O Pedro e o João bateram-se em duelo (um com o outro + ?entre si)*

Enumeramos, tamén, a existencia de construcións con *negación obligatoria* (citada *NegObrig*), ou sexa, frases fixas para as que a forma declarativa afirmativa simple é inaceptábel:

- 36) *O João não chega aos calcanhares do Pedro* [CPN] ‘ser incomparabelmente inferior a alguén en determinado aspecto’  
\**O João chega aos calcanhares do Pedro*

Finalmente, obsérvase que a gran maioría das construcións fixas respecta as regras xerais de boa formación de frases da lingua, áinda que se encontren algúns casos en que ocorren alteracións obligatorias da orde dos constituíntes:

- 37) *O João fez (das tripas coraçao + das fraquezas forças)* [CPP] ‘ter coraxe para superar a adversidade’  
\**O João fez (coração das tripas + forças das fraquezas)*

Noutros casos, certos complementos aparecen sempre xuntos nunha orde fixa, a pesar de que, potencialmente, a frase poida presentar outra orde; isto é o que acontece na frase seguinte co complemento *no fogo*, que segue inmediatamente ao complemento directo *as mãos*, áinda que fose a priori posíbel intercalar entre ambos o complemento *pelo Pedro*:

- 38) *O João punha as mãos no fogo pelo Pedro* [CPPN] ‘garantir a honestidade de alguén’  
\**O João punha as mãos pelo Pedro no fogo*

#### 4. Palabras finais

A metodoloxía seguida neste proxecto permite que a compilación e a formalización das propiedades léxico-sintácticas das expresións fixas teñan carácter ‘acumulativo’, estando as matrices en permanente ampliación e revisión.

Malia o carácter coloquial de moitas destas expresións, estas aparecen con algunha frecuencia en textos de natureza discursiva moi variada. Na medida en que presentan elevada fixación interna e o seu significado non é composicional, constitúen unidades léxico-sintácticas, ou sexa, frases elementais da lingua, polo que se torna indispensábel que estas expresións sexan recoñecidas nos textos como un bloque. Unha evidencia de tal feito é a dificultade que presenta a súa tradución a outras linguas.

Con todo, a variación formal, especialmente de natureza transformacional, que as frases fixas permiten, idénticas ás que se observan de modo xeral nas frases ‘libres’, implica unha descripción formal complexa e instrumentos lingüístico-informáticos adecuados para realizala (Silberstein 1993, 2000).

Exames efectuados (Baptista et al. 2004) en córpora de textos xornalísticos de dimensións razoábeis (~9,6 millóns de palabras) revelaron que, na maior parte dos casos en que aparecen, áinda que algunhas poidan ser potencialmente ambiguas, é posíbel obter taxas de acerto do ~90%, o que constitúe un argumento forte no sentido da continuación desta investigación.

Finalmente, a disponibilidade de léxicos-gramáticas equivalentes para outras linguas románicas abre as portas a estudos contrastivos, con interese ben para aplicacións didácticas, no ámbito do ensino de lingua estranxeira, ben para outras aplicacións lingüístico-informáticas, especialmente para a tradución automática.

## 5. Bibliografía

- ARAÚJO-VALE, Oto (2001): *Expressões Cristalizadas do Português do Brasil: Uma proposta de Tipologia*. Tese de doutoramento. UNESP, Araquara, Brasil.
- BAPTISTA, Jorge (1997): “*Sermão, tareia e facada*: Uma classificação das construções conversas *dar – levar*” en *Seminários de Linguística* 1,1997,5-37. Universidade do Algarve, Faro.
- (no prelo): “Construções Simétricas: Complementos e Argumentos” en FIGUEIREDO, O., RIO-TORTO, M. G. e SILVA, F. (org.): *Volume de Homenagem ao Prof. Mário Vilela*. Universidade, Porto.
- BAPTISTA, Jorge, CORREIA, Anabela e FERNANDES, M<sup>a</sup> da Graça (2004): “Frozen Sentences of Portuguese: Formal Descriptions for NLP” en *Workshop on Multiword Expressions: Integrating Processing*. International Conference of the European Chapter of the Association for Computational Linguistics (Barcelona, 2004). ACL, Barcelona, 72-79.
- BOONS, Jean-Paul, GUILLET, Alain e LECLÈRE, Christian (1976a): *La structure des phrases simples en français. Constructions Transitives*. LADL – Université de Paris 7, Paris.
- (1976b): *La structure des phrases simples en français. Classes de constructions transitives*. Droz, Genève.
- CHACOTO, Lucília (2005): *O verbo FAZER em Construções Nominais Predicativas*. Tese de Doutoramento. Universidade do Algarve, Faro.
- CORREIA, Anabela (en preparación): *Léxico-Gramática das Frases Fixas do Português Europeu – Construções Transitivas*. Tese de mestría. Universidade do Algarve, Faro.
- FERNANDES, M<sup>a</sup> da Graça (en preparación): *Léxico-Gramática das Frases Fixas do Português Europeu – Construções Intransitivas*. Tese de mestría. Universidade do Algarve, Faro.
- FOTOPOLOU, Aggeliki (1993): *Une classification des phrases à compléments figés en grec moderne*. Tese de doutoramento. LADL – Université de Paris 7, Paris.
- GROSS, Gaston (1989): *Les constructions converses en français*. Droz, Paris/Genève.
- GROSS, Maurice (1975): *Méthodes en Syntaxe. Régimes des constructions complétives*. Hermann, Paris.
- (1981): “Les bases empiriques de la notion de prédicat sémantique” en *Langages* 63,1981,7-52. Larousse, Paris.

- (1982): “Une classification des phrases ‘figées’ du français” en *Revue Québécoise de Linguistique* 11/2,1982,151-185. UQAM, Montréal.
- (1989): “Les Expressions Figées: une description des expressions françaises et ses conséquences théoriques” en *Rapport Technique n.º 8 – Programme de Recherches Coordonnées Informatique-Linguistique*. LADL – Université de Paris 7, Paris.
- (1996): “Lexicon Grammar” en BROWN, K. e MILLER, J. (eds.): *Concise Encyclopedie of Syntactic Theories*. Pergamon, Cambridge, 244-258.
- (2000): “Verbes à trois compléments essentiels” en BUVET, P. A., LE PESANT, D. e MATHIEU-COLAS, M. (eds.): *Lexique, Syntaxe et Sémantique, Mélanges offerts à Gaston Gross*. Centre Lucien Tesnière – Université de Franche-Comté, Besançon, 199-210.
- GUILLET, Alain e LECLÈRE, Christian (1981): “Restructuration du groupe nominal” en *Langages* 63,1981,99-125. Larousse, Paris.
- (1992): *La structure des phrases simples en français. Les constructions locatives*. Droz, Genève.
- HARRIS, Zellig S. (1991): *A Theory of Language and Information. A Mathematical Approach*. Clarendon Press, Oxford.
- LECLÈRE, Christian (1995): “Restructuration dative” en *Language Research* 31/1,1995. Language Research Institute – Seoul National University, Seoul .
- (2000): “Expressions figées dans la francophonie: le projet BFQS” en BUVET, P. A., LE PESANT, D. e MATHIEU-COLAS, M. (eds.): *Lexique, Syntaxe et Sémantique, Mélanges offerts à Gaston Gross*. Centre Lucien Tesnière – Université de Franche-Comté, Besançon, 321-331.
- (2002): “Organization of the lexicon-grammar of French verbs” en *Lingvisticae Investigationes* 25/1,2002,29-48. John Benjamins Publishing Company, USA.
- MOGÓRRON HUERTA, Pedro Joaquín (2002): *Estudio Contrastivo de las Expresiones Fijas en Ser / Estar + Prep X Y Être Prép X en Francés*. Tese de doutoramento en Filoloxía Románica. Universitat de València.
- RANCHHOD, Elisabete (1990): *Sintaxe dos Predicados Nominais com Estar*. INIC, Lisboa.
- SANTOS, António Nogueira (1990): *Novos dicionários de expressões idiomáticas*. Edições João Sá da Costa, Lisboa.
- SEPELLART, Jean (1998): “Reconnaissance automatique des entrées du lexique-grammaire des phrases figées” en LAMIROY, B. (ed.): *Le Lexique-Grammaire. Travaux de Linguistique* 37,1998,109-125. Ducolot, Bruxelles.
- SILBERZTEIN, Max (1993): *Dictionnaires électroniques et analyse automatique de textes. Le système Intex*. Masson, Paris.
- (2000): *Intex (Manual)*. ASSTRIL, Paris.

## Anexo

Extracto da Clase CPN (Fernandes, en preparación)

$N_0 =: N_{\text{hum}}$	V	Vse	NegObrig	Prep	Det	C	[Rdat]	de N = PRO:Pos	de N = PRO:O	Exemplo
+ -	<atirar>	+ -		a	os	pés		+ + +		O Zé atirou-se aos pés da Ana
+ -	<cair>	- -		em	os	braços		+ + +		O Zé caiu nos braços da Ana
+ -	<chegar>	- +		a	os	calcaneares		+ + +		O Zé não chega aos calcaneares da Ana
+ -	<chorar>	- -		em	o	ombro		+ + +		O Zé chora no ombro da Ana
+ -	<cortar>	- -		em	a	casaca		+ + -		O Zé corta na casaca da Ana
+ -	<crescer>	- -		a	os	olhos		- + +		O Zé cresceu aos olhos do patrão
+ -	<cuspir>	- -		em	a	cara		+ + +		O Zé cuspiu-lhe na cara
+ -	<dar>	- -		em	o	focinho		+ + -		A Ana deu no focinho do Zé
+ -	<descer>	- -		em	a	consideracão		+ + +		O Zé desceu na consideracão da Ana
+ -	<entrar>	- -		em	o	jogo		- + +		O Zé entrou no jogo da Ana
+ -	<falar>	- -		em	as	costas		- + +		O Zé fala nas costas da Ana
+ -	<ir>	- -		em	a	cantiga		- + +		O Zé foi na cantiga da Ana
- +	<passar>	- -		por	as	mãos		+ + +		O projecto passou pelas mãos da Ana
+ -	<pegar>	- -		em	a	palavra		- + +		O Zé pegou na palavra da Ana
+ -	<puxar>	- -		por	a	lingua		+ + +		A Ana puxou pela lingua do Zé
+ -	<reger>	+ -		por	a	cabeça		- + +		O Zé rege-se pela cabeça da Ana
- +	<sair>	- -		de	o	corpo		+ + +		A riqueza do Zé saiu-lhe do corpo
+ -	<sentar>	+ -		em	a	cadeira		- + +		O Zé sentou-se na cadeira do Pedro
- +	<subir>	- -		a	a	cabeça		+ + +		O dinheiro subiu à cabeça do Zé
+ -	<tocar>	- -		em	a	ferida		+ + +		O Zé tocou na ferida da Ana
+ -	<viver>	- -		em	a	sombra		- + +		O Zé vive na sombra da Ana

Lenda: A clase CPN está definida formalmente pola estrutura  $N_0 V \text{ Prep} (C \text{ de } N)$ ;  $N_0 =: N_{\text{hum}}$ : suxeito humano ou non humano;  $V$ : verbo;  $Vse$ : construción intrínsecamente pronominal;  $\text{NegObrig}$ : negación obligatoria;  $\text{Prep}$ : preposición;  $\text{Det}$ : determinante;  $C$ : constante léxica;  $[Rdat]$ : reestruturación dativa;  $\text{de } N = \text{PRO:O}$ : pronominalización do complemento determinativo pola forma obliqua do pronome persoal;  $\text{de } N = \text{PRO:Pos}$ : pronominalización do complemento determinativo pola forma posesiva do pronome persoal.